





CORPORACIÓN

rtve

GUÍA DE IGUALDADE

ESTE MANUAL RESPONDE
AO COMPROMISO DE RTVE
COA IGUALDADE ENTRE HOMES
E MULLERES EN TODAS
AS SÚAS ACTIVIDADES



instituto

rtve



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA





CORPORACIÓN

rtve

GUÍA DE IGUALDADE



instituto

rtve





GUÍA DE IGUALDADE

Segunda edición: **marzo 2022**

© **Corporación RTVE**

Edita: **Instituto RTVE**

Diseño de interior: **Rasgo Audaz**

Diseño de portada: **Natàlia Serrano (Huygens Editorial)**

As versións da *Guía de igualdade* nas linguas cooficiais incorporan as suxestións das entidades oficiais* de Cataluña, do País Vasco e de Galicia, que colaboraron co Instituto de RTVE na súa tradución. Estas suxestións son derivadas na maioría dos casos da inexistencia de distincións gramaticais en termos de xénero ou da achega de bibliografía especializada. Nalgunha destas versións respéctase, tamén por estes motivos, a versión parcial dos textos en castelán, a mesma circunstancia que concorre nas traducións ao inglés ou ao francés.

*Secretaría de Política Lingüística da Generalitat de Cataluña, Departamento de Cultura e Política Lingüística do Goberno vasco e Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Queda rigurosamente prohibida, sin la autorización escrita de los titulares del copyright, bajo las sanciones establecidas por las leyes, la reproducción total o parcial de esta obra por cualquier medio o procedimiento, comprendidos la reprografía y el tratamiento informático, y la distribución de ejemplares mediante alquiler o préstamo públicos. Si necesita fotocopiar o reproducir algún fragmento de esta obra, diríjase al editor o a CEDRO (www.cedro.org).

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
2. PRINCIPIOS XERAIS	9
3. ACTUACIÓNS CONCRETAS	11
4. TRATAMENTO DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	15
4.1. NORMATIVA	16
4.2. INFORMACIÓN SOBRE A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	17
5. LINGUAXE E IGUALDADE	26
5.1. TERMOS XENÉRICOS, COLECTIVOS, ABSTRACTOS E PERÍFRASES	28
5.2. DESDOBRAMENTOS	29
5.3. PROFESIÓNS, CARGOS E OFICIOS	30
5.4. CONSTRUCIÓNS E RUMBOS SEXISTAS	32
5.5. O USO DE @, “x”, “-e”	33
6. BIBLIOGRAFÍA E FONTES	36



1. INTRODUCCIÓN

O **Observatorio de Igualdade de RTVE** ten o mandato de facer o seguimento dos contidos da RTVE e de garantir o respecto á igualdade entre as mulleres e os homes en todos eles.

O *Manual de estilo da Corporación RTVE* aprobouse no ano 2010. Desde entón, o marco lexislativo e os avances sociais tanto no Estado español coma no resto dos estados europeos implican novas esixencias que a RTVE non pode descoñecer¹.

A **Norma 4/2017 reguladora do Observatorio de Igualdade de RTVE** establece como obxectivos da Corporación de Radio Televisión Española os seguintes:

- a) Promover o respecto, o coñecemento e a difusión do principio de igualdade de mulleres e homes, velando por evitar calquera forma de desigualdade e discriminación por razón de sexo na actividade da Corporación RTVE.
- b) Promover a emisión dunha imaxe igualitaria, equilibrada e plural de ambos os sexos, á marxe de canons de beleza e estereotipos sexistas, así como unha participación activa das mulleres nas funcións que desempeñen nos diferentes ámbitos da vida, con especial incidencia nos contidos da programación dirixida á poboación infantil e xuvenil.

1] Ver o apartado 6 “Bibliografía”.

- c) Velar pola existencia e a aplicación dos códigos éticos a favor da promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero na actividade da Corporación RTVE.
- d) Favorecer que os contidos que se difundan a través de calquera dos medios da Corporación RTVE non xustifiquen, banalicen ou inciten á violencia contra as mulleres.
- e) Favorecer o uso dunha linguaxe non sexista.
- f) Colaborar coas campañas institucionais dirixidas a fomentar a igualdade entre mulleres e homes e a erradicar a violencia de xénero.

Pola súa banda, a **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes** establece, entre outros, como obxectivo específico para a Corporación RTVE o de adoptar, mediante a autorregulación, códigos de conduta tendentes a transmitir o contido do principio de igualdade.

En cumprimento dos mandatos legais expostos, apróbase esta guía, que contén as liñas estratéxicas para a incorporación práctica da perspectiva de xénero no traballo cotián da RTVE en todos os seus ámbitos.

Os dereitos das mulleres son dereitos humanos. Ademais das referencias ao marco legal establecido especificamente para a RTVE, a guía debe recoller outras normativas específicas sobre a igualdade entre mulleres e homes que a Corporación tamén está obrigada a cumprir. O respecto aos dereitos humanos é imprescindible nun tratamento informativo profesional e ético. Por iso, esta guía fai referencia a eles co obxecto de que sexan aplicados en todos os medios e canles da Corporación RTVE.

O grao de cumprimento dos principios recollidos nesta guía deberá ser valorado e cuantificado no informe anual do Observatorio de Igualdade de RTVE.



2. PRINCIPIOS XERAIS

Os principios xerais para lograr o adecuado tratamento mediático da materia obxecto desta guía son os seguintes:

- Evitar perpetuar a hexemonía do modelo masculino como único existente, superior ou desexable ou modelo de referencia.
- Evitar a identificación de mulleres e homes con determinados roles ou actitudes estereotipadas tanto en ficción e programas de entretemento coma en informativos.
- Evitar destacar das mulleres cuestións de tipo persoal vinculadas ao seu rol familiar, vestimenta, aspecto físico etc. que non adoitan utilizarse cando os protagonistas son os homes.
- Evitar a representación da imaxe das mulleres como obxecto sexual. Prestar especial atención a que a imaxe visual que se ofrece do corpo das mulleres non as cousifique e evitar a utilización do corpo como reclamo tanto en publicidade coma en espazos de entretemento ou en espazos informativos.
- Evitar a presentación das mulleres como vítimas.
- Evitar a discriminación pola aparencia física.
- Evitar cometer o erro da dobre vitimización, é dicir, que á muller que sufriu violencia non se lle produza un sufrimento engadido pola forma de informar sobre o ocorrido.

Definicións e conceptos básicos

Algúns conceptos básicos necesarios para abordar esta materia:

- **Sexo:** Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), refírese ás categorías biolóxicas e fisiolóxicas das persoas.
- **Perspectiva/análise de xénero:** Concepto social e cultural referido aos roles sociais baseados no sexo das persoas.
- **Estereotipos de xénero:** Os estereotipos de xénero ou estereotipos sexistas son o conxunto de crenzas, opinións e prexuízos acerca dos atributos ou características que os homes e as mulleres posúen ou deberían posuír e das funcións sociais que deberían desempeñar por razón do seu sexo.





3. ACTUACIÓNS CONCRETAS

A incorporación dos principios xerais desta guía ao traballo diario dos profesionais da RTVE require unha serie de accións, entre as que podemos destacar as seguintes:

1. Traballar con perspectiva de xénero todos os contidos e utilizar unha linguaxe inclusiva.
2. Visibilizar as mulleres nos diferentes terreos nos que, por mor de factores sociais e de poder, o seu traballo permanece oculto.
3. Fomentar a presenza paritaria das mulleres e dos homes nas informacións, análises e debates. Valorar o papel das mulleres como fonte, especialmente nos espazos onde están infrarrepresentadas. Elaborar unha axenda común de expertas para informativos e programas da CRTVE que estea á disposición de todas as e todos os profesionais de maneira efectiva, accesible a través de Intranet.
4. Buscar unha representación equilibrada de mulleres e homes nos faladoiros e espazos de opinión, sexa cal sexa o tema que se trate.
5. Perseguir o equilibrio das mulleres e dos homes nas voces expertas ás que se acode tanto en programas de entretemento coma en informativos.
6. Valorar de forma equivalente as achegas das mulleres e dos homes. Pode destacarse nunha información que a candidata, presidenta,

científica é muller cando non exista masa crítica (33,3 % de mulleres) no terreo ao que nos referimos.

7. Abordar as informacións ou problemas xerais, tendo en conta a desagregación de datos por sexo e as posibles implicacións específicas para as mulleres.
8. Romper cos estereotipos sexistas na representación de mulleres e homes. Debe coidarse non só nos espazos informativos, senón tamén e de maneira especial nos espazos de entretemento e ficción nos que aínda se adoitan utilizar.
9. Animar a promoción de imaxes positivas das mulleres como participantes activas na vida social, económica e política, así como imaxes positivas de homes en papeis non tradicionais, como son os cuidadores.
10. Promover a diversidade física, funcional e de idade entre as mulleres que aparecen nas nosas pantallas. Incorporar mulleres con diferentes tipos de discapacidade.
11. Promover a ampla representación dos diferentes colectivos de mulleres, tendo en conta as discriminacións dobres ou triplas das mulleres en situacións de vulnerabilidade.
12. Promover imaxes positivas de mulleres de minorías étnicas ou orixe migrante.
13. Promover a cobertura e a emisión dos eventos culturais e deportivos femininos en igualdade de condicións ca os masculinos e celebrar publicamente os logros femininos. Dar visibilidade e promover modelos positivos de mulleres e homes, nenas e nenos que participen en deportes onde adoita existir infrarrepresentación.
14. Poñer un especial coidado nos tempos de emisión, rotulación e titulares para evitar situacións de discriminación e desigualdade. Recoméndase un especial coidado no ámbito deportivo.
15. Prestar unha especial atención aos contidos infantís e xuvenís e, especialmente, nas canles temáticas (Clan, Playz) para que as ne-

nas teñan modelos positivos como referente e para promover modelos igualitarios dirixidos aos menores e aos mozos.

16. Aplicar a perspectiva de xénero e investigar de maneira específica a situación das mulleres e das nenas nas informacións referidas a situacións de conflito e guerra.

17. Coidar, especialmente nos contidos, os eixes prioritarios marcados pola Organización de Nacións Unidas na Conferencia de Beijing 95, actualizados ante os retos do século XXI:

- A muller e a saúde.
- A educación e capacitación da muller.
- A violencia contra a muller.
- A muller e os conflitos armados.
- A muller e a economía.
- A muller no exercicio do poder e a adopción de decisións.
- Mecanismos institucionais para o adianto da muller.
- Os dereitos humanos da muller.
- A muller e os medios de difusión.
- A muller e o medio ambiente.
- A nena.

18. Darlle un tratamento igualitario á imaxe das mulleres e das nenas. Para iso propóñense as seguintes recomendacións específicas:

- Evitar a cousificación do corpo feminino, a fragmentación dos corpos das mulleres nas imaxes ou os movementos de cámara que contribúan a esta cousificación. Procurarase non lles dar prioridade aos atributos físicos das mulleres sobre os intelectuais.
- Evitarase a montaxe de imaxes que supoñan que os homes son os suxeitos da mirada e as mulleres o obxecto desta.
- Evitar diferenzas no tratamento das imaxes das mulleres e dos homes na composición dos planos e dos encadramentos.
- Non se fomentará un modelo de beleza feminino baseado na xuventude, na delgadeza ou na perfección corporal, de acordo con canons pouco reais e que poidan levar a comportamentos lesivos para a saúde das mulleres ou asociarse ao seu éxito persoal e social.

- Nas rodaxes en lugares públicos e de lecer, como praias, piscinas, discotecas ou eventos deportivos, procuraranse retratar todo tipo de mulleres, de acordo co apartado anterior, e non só as que teñan un físico correspondente a un canon determinado de beleza.
- Nas imaxes, non se ridiculizarán, infravalorarán ou presentarán de forma vexatoria as mulleres en calquera clase de actividade profesional.
- Tratar que as imaxes manifesten un equilibrio en canto á frecuencia de aparición de homes e mulleres.
- Non crear estereotipos e roles familiares e sociais, segundo o tipo de actividades.
- Incluír imaxes de mulleres nos ámbitos tradicionalmente masculinizados e homes nos tradicionalmente feminizados para contribuír ao avance da cultura da igualdade.
- Representar os dous sexos realizando conxuntamente actividades tanto públicas coma privadas, co fin de promover o traballo en equipo e o compañeirismo.



4. TRATAMENTO DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller (ONU, 20 decembro de 1993) define a violencia contra as mulleres como “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na vida privada” (artigo 1).

O Convenio de Istambul establece que a **violencia contra as mulleres** é unha grave violación dos dereitos humanos.

A maioría dos ordenamentos xurídicos internacionais establecen como delito todas as formas de violencia contra a muller, a saber: a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; a mutilación xenital feminina; o matrimonio forzado; o acoso; o aborto forzado e a esterilización forzada.

A explotación sexual e reprodutiva son tamén violacións dos dereitos humanos. É importante lembrar que a situación das mulleres prostituídas está maioritariamente conectada coa explotación e trata de persoas. Pola súa banda, a xestación por substitución, proscriba do noso ordenamento xurídico, ao considerar nulo de pleno dereito o contrato polo que se conveña a xestación, con ou sen prezo, a cargo dunha muller que renuncia á filiación materna a favor do contratante ou dun tercei-

ro, conéctase con situacións de explotación reprodutiva das mulleres en contextos de globalización, onde cada vez máis mulleres de países pobres actúan como nais xestantes para mulleres e homes de países máis ricos.

O Protocolo de Palermo considera que a “explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos ou servizos forzados, a escravitude ou as prácticas análogas á escravitude, á servidume ou á extracción de órganos”. Valórase como especialmente vulnerable que a persoa non teña outra alternativa real ou aceptable, excepto someterse ao abuso.

A Organización Mundial da Saúde considera violencia sexual “calquera acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual ou outro acto dirixido contra a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra, en calquera ámbito e independentemente da súa relación coa vítima. Comprende a violación, que se define como a penetración, mediante coerción física ou doutra índole, da vagina ou do ano co pene, con outra parte do corpo ou cun obxecto”.

4.1. NORMATIVA

1. A Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, establece no seu artigo 3.k que a Corporación RTVE, no exercicio da súa función de servizo público, deberá fomentar a protección e a salvagarda da igualdade entre home e muller, evitando toda discriminación entre eles.
2. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu artigo 37 como obxectivos propios da Corporación RTVE os de reflectir adecuadamente a presenza das mulleres nos diversos ámbitos da vida social, utilizar a linguaxe en forma non sexista e adoptar, mediante a autorregulación, códigos de conduta tendentes a transmitir o contido do principio de igualdade.
3. A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual establece o seguinte:

- A comunicación audiovisual nunca poderá incitar ao odio ou á discriminación por razón de xénero ou por calquera circunstancia persoal ou social e debe ser respectuosa coa dignidade humana e cos valores constitucionais, con especial atención á erradicación de condutas favorecedoras de situacións de desigualdade das mulleres (artigo 4.2).
- Está prohibida toda comunicación comercial que vulnere a dignidade humana ou que fomente a discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, nacionalidade, relixión ou crenza, discapacidade, idade ou orientación sexual. Igualmente, está prohibida toda publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio (artigo 18.1)”.
 4. Como medio de comunicación público, RTVE debe informar con rigor e compromiso sobre as violencias de xénero, tal e como establecen tamén as súas normas internas. O Estatuto de información de RTVE, aprobado polo Consello de Administración da Corporación RTVE do 14 de maio de 2008, entre os seus principios deontolóxicos, establece que os profesionais “dedicarán especial atención ás informacións relativas á violencia de xénero, evitando a transmisión de mensaxes que poidan contribuír a crear na sociedade unha sensación de impunidade ante estes delitos (artigo 9.17)”.
 5. O Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados na súa sesión do 28 de setembro de 2017, compromete tamén a RTVE no obxectivo da erradicación da violencia contra as mulleres e insta a Corporación para que cree un Observatorio de Igualdade, co fin de supervisar que a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes se proxecte en todos os ámbitos da sociedade.

4.2. INFORMACIÓN SOBRE A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A. PRINCIPIOS

- A violencia contra as mulleres vulnera os dereitos humanos e atenta contra o dereito á vida, á dignidade e á integridade física e psí-

quica das vítimas. É un delito. Non é un mero asunto privado nin doméstico. É un grave problema social.

- Non é un suceso nin un crime pasional; polo tanto, hai que evitar detalles escabrosos que non achegan información esencial, como o número de puñaladas ou de golpes que recibiu a vítima.
- Quedemos cos datos de interese público, coas persoas expertas e con quen ten formación e esquezamos aquelas que dixeron que non oíran nada ou que “parecían unha parella normal”.

B. A LINGUAXE

As palabras poden cambiar a percepción da violencia contra as mulleres (as mulleres non morren, as mulleres son asasinadas).

É importante a elección dos termos ao elaborar a información:

- **Violencia contra as mulleres:** A violencia contra as mulleres inclúe a violencia física, psicolóxica e sexual, e tamén a violación, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado, o acoso, o aborto forzado e a esterilización forzada. (Convenio de Istambul, ratificado por España en 2014).
- **Violencia de xénero:** Segundo o artigo 1.3 da Lei, do 28 de decembro de 2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a violencia de xénero é “todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade”.
- **Violencia doméstica:** Prodúcese no ámbito do fogar e pódeas exercer ou sufrir calquera membro da familia.
- **Violencia machista:** Termo utilizado con frecuencia como sinónimo de violencia contra as mulleres e as nenas exercida por un home en base ás relacións de poder.
- **Violencia intraxénero:** Exerceuse entre persoas do mesmo sexo/xénero.

- **Feminicidio:** O asasinato dunha muller ás mans dun home por machismo ou misoxinia. *Diccionario de la lengua española*, 2018.

C. TRATAMIENTO INFORMATIVO

Non é un suceso nin un crime pasional, é un serio problema social. Para o correcto tratamento informativo deberase:

- **Evitar** explicacións convencionais, como desavinzas conxugais e testemuños de coñecidos e veciños que declaran que “parecían unha parella normal, sen maiores problemas, que nunca transcendeu que tivesen grandes diferenzas”.
- **Situar** a noticia correctamente no minutado, ha de ter unha presentación e un lugar adecuados e cómpre evitar que quede relacionado con noticias de sucesos, accidentes etc.
- **Achegar información rigorosa e útil**, xa que a noticia non é só un caso de mal trato ou o asasinato dunha muller. Tamén o é:
 - A asistencia que recibiu ou que se lle ofreceu á vítima.
 - As actuacións xudiciais e policiais deficientes.
 - As sentenzas condenatorias.
 - As vítimas que lograron refacer a súa vida.
- **Incluír** opinións de persoas expertas, xa que axudan a encadrar o problema.
- A investigación ha de ser rigorosa:
 - Hai que contrastar os datos e as diferentes versións.
 - Débese contextualizar a noticia.
 - Non deben facerse xuízos de valor nin informar con precipitación.
- Hai que animar á obtención de información e ao recurso ás canles de axuda para evitar riscos. Indicarase cales son as adecuadas, pero sen instar directamente para que se denuncie.

- **A reconstrución** é útil cando achega información e permite comprender mellor os feitos. Debe evitarse a inclusión acrítica de detalles que poden caer no morbo.
- **Deben evitarse as imaxes e detalles escabrosos morbosos**, xa que dan pé ao espectáculo, pero nin engaden información nin inducen ao rexeitamento da violencia contra as mulleres.
- **Seguimento do caso:** Os malos tratos e o asasinato han de ter consecuencias. Temos que informar sobre a actuación da xustiza, se houbo condena e cal foi esta.
- **Non utilizar a chamada síndrome de alleamento parental (SAP)**, considerada pola Organización das Nacións Unidas como non científica e tan só ideolóxica. En España, o Consello Xeral do Poder Xudicial recomenda non utilizar esta teoría, xa que a considera pseudocientífica.
- **Evitar o efecto narcotizante:** A audiencia pode acabar cansa ou indiferente ante a difusión continuada deste tipo de información. Por iso, é necesario:
 - Buscar enfoques e tratamentos novos.
 - Evitar expresións como “un caso máis”, “un novo caso de”.
 - Remarcar os elementos que poderían evitalo .
 - Incluír información de apoio e novos enfoques que enriquezan as noticias (proxectos de apoio, saídas, campañas etc.).

Teléfono 016 e comunicación electrónica ao 016-online@igualdad.gob.es. Debe incluírse na información o teléfono gratuíto e o enderezo de correo electrónico especialmente habilitados para denunciar os malos tratos e calquera outra información de utilidade.

A VÍTIMA

- **As vítimas non son números nin meras estatísticas.** Cando se asasina unha muller, mátase unha parte da humanidade. **Hai que respectar a identidade e a dor da vítima.**

- **Evitar utilizar imaxes** ou sons roubados da vítima. Divulgar a súa imaxe só se hai consentimento.
- **Evitar incluír información** que poida prexudicar a vítima ou a súa contorna.
- **Evitar a criminalización da vítima.** Para ocultar a súa identidade deben evitarse recursos que dean aparencia de criminalización (tiras nos ollos, efecto mosaico, distorsións de voz etc.). É mellor utilizar contraluces, voz en off etc.
- **Debe** prevalecer sempre o respecto á vítima.
- **Debe** aplicarse cautela na identificación da vítima. Convén reflexionar, en calquera caso, sobre a conveniencia ou non de mostrar a imaxe das vítimas.
- **Divulgar** as secuelas pode ser unha boa ferramenta de pedagogía social, pero sempre ha de prevalecer o respecto á vítima.
- **As persoas menores** son vítimas directas da violencia de xénero e, polo tanto, todas as recomendacións de privacidade e trato relativas ás mulleres vítimas de violencia de xénero son extensivas aos menores, aínda que hai que ter un especial coidado de non identificalos de ningunha maneira debido á súa minoría de idade, tal e como se indica no Estatuto da información de RTVE.
- Por outra banda, non hai que descoñecer e, por tanto, é importante poñer o foco na denuncia sobre a situación de violencia á que se enfrontan **as nenas**. Unha de cada tres nenas no mundo experimentará ao longo da súa vida algún tipo de violencia. A violencia no fogar, os abusos sexuais, o matrimonio infantil, a trata sexual, os denominados crimes de honra e a mutilación xenital son prácticas habituais que, como xornalistas, temos o reto de documentar e de denunciar.

E se a vítima é un home? Non se considera violencia de xénero e o delito non se enmarca na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, senón nos apartados específicos establecidos en caso de agresión tipificados no

Código penal. Considérase violencia contra o home se a agresora é unha muller que mantén relacións sentimentais coa vítima.

O AGRESOR

- Hai que deixar claro quen é o agresor e quen a vítima.
- En canto á identidade do agresor, debe respectarse sempre a presunción de inocencia e, por tanto, extremar a cautela nesta cuestión, xa que un erro de identidade —e déronse algúns casos— pode provocar consecuencias irreparables.
- Cando xa exista sentenza, identificarase o agresor e destacarase a sentenza e a condena.

O comportamento do agresor:

- Débese identificar claramente o comportamento do agresor, xa que lles pode axudar a moitas mulleres a identificar a figura do maltratador e a súa situación de risco.
- Os datos relevantes sobre o comportamento do agresor son aqueles datos que poden servir a que outras mulleres vítimas de violencia de xénero se recoñezan, algo que non sempre resulta fácil.

O agresor caracterízase por ser:

- Controlador
- Narcisista
- Intimidante
- Posesivo
- Cruel
- Ameazador
- Rancoroso
- Manipulador

Con carácter xeral, non se ofrecerán declaracións de agresores sexuais ou maltratadores, salvo no formato de “reportaxe en profundidade” para ser analizadas por persoas expertas. O interese informativo dunha entrevista a un violador é case nulo e non supera o dano que lles poida causar

ás vítimas ver como se normaliza a imaxe do seu agresor. Non hai que lles prestar aos agresores o acceso á audiencia para que poidan utilizalo en beneficio propio e ofrecer unha imaxe embelecida de si mesmos, dunha persoa “normal” e “positiva para a sociedade”. Ofrecer declaracións dun agresor sexual pode revitimizar as súas vítimas e facerlles máis dano. Non se deberían tampouco emitir comentarios que xeren simpatía cara ao agresor nin que especulen sobre as súas intencións, motivacións ou sentimentos.

VIOLENCIA SEXUAL: recomendacións específicas

- **Contextualización.** Non se trata dunha práctica individual, senón dun problema sistémico de desigualdade de xénero e estrutural. É importante evitar os enfoques sensacionalistas e incluír datos estatísticos que reflectan o panorama global. O delincuente sexual non é un enfermo ou depravado, senón que o seu comportamento está relacionada con prácticas de conduta no marco do sistema patriarcal da nosa sociedade.
- **Narrar o feito como sucedeu de maneira obxectiva e sen dramatismo.** Coidar especialmente que a información non supoña ningún tipo de consentimento nin participación da vítima no feito.
- **Evitar os estereotipos sexistas das vítimas e dos agresores.** Con frecuencia, a vida privada da vítima é sometida a unha minuciosa análise para elaborar un xuízo de merecemento ou non da violación, o que supón unha dobre vitimización.
- **Evitar cuestionar a credibilidade da vítima.** Non incluír datos persoais nin referencias ao abuso de alcol ou drogas, promiscuidade etc., xa que contribúen directamente á súa culpabilización. Evitar referencias á súa vestimenta ou descricións físicas.
- **Evitar a referencia a que o violador “non podía controlarse” ou que “non se trata do tipo de homes que cometerían estes delitos”.** O estereotipo do agresor é o de “home”, de “clase social baixa” e “cegado polo desexo sexual”. Evitar o rumbo que lle dá credibilidade ao agresor supostamente “máis respectable”.

- **Aceptar que a vítima non queira ser entrevistada** nin dar certa información sobre o feito ou unha versión cronoloxicamente desordenada, algo frecuente neste tipo de situacións.
- **En caso de entrevistar a vítima**, convén ter en conta que a violencia sexual está asociada con altos niveis de culpa e vergoña, polo que hai que evitar durante a entrevista unha linguaxe que implique que a persoa afectada teña dalgún modo responsabilidade no feito. Respetar a narración orixinal. Respetar a confidencialidade e o anonimato.

Se non se dispón de testemuños das vítimas porque elas non queiran falar, é conveniente recorrer a algunha representante de asociacións de asistencia a mulleres violadas para achegar esa perspectiva, o que resulta esencial para abordar en profundidade este tipo de casos.

Describir consecuencias psíquicas, físicas e sociais dos delitos sexuais para concienciar a poboación. Mencionar a profesionais competentes para o tratamento. Citar organismos, institucionais e organizacións que lles presten axuda ás vítimas. Transmitir unha mensaxe positiva acerca da posibilidade da prevención e superación do feito.

A profesión xornalística non pode ser neutral con delitos que violan dereitos fundamentais das persoas e non pode emitir testemuños de simpatía con este tipo de delincuentes. Cando a información se complementa con debates e faladoiros, convén coidar especialmente a presenza de persoas expertas que sexan verdadeiramente coñecedoras da violencia contra as mulleres, para que teñan perspectiva de xénero nas súas opinións e tamén para que manteñan un estrito respecto aos dereitos humanos e, por tanto, aos dereitos das mulleres.

D. AS FONTES

Non todos os testemuños, fontes e datos son fiables. Hainos que son rigorosos, que achegan información relevante e que aclaran a situación; porén, hai outros que confunden ou ocultan datos.

Fontes que SI axudan

- As fontes policiais e da investigación son esenciais.
- Consultar e entrevistar persoas expertas e asociacións de mulleres especializadas.
- Documentos do caso: antecedentes policiais ou xudiciais, ordes de afastamento, denuncias da vítima, asistencia recibida pola vítima, incumprimentos das medidas adoptadas.
- Documentos xerais e solventes: sentenzas xudiciais, datos de organismos especializados en violencia contra as mulleres, campañas de información e prevención.

Fontes dubidasas:

- Determinadas informacións sobre desavinzas conxugais poden ser erroneamente interpretadas e inducir a pensar que os malos tratos poden ser consecuencia lóxica dunha situación de deterioración.
- Pola contra, subliñar as boas relacións da parella é un argumento que podería avalar a hipótese do “arrebato pasional” ou puntual. É importante ter en
- conta ao elaborar unha información que nin a paixón, nin os celos, nin problemas co alcol ou coas drogas poden ser xustificación.
- Hai que ter coidado cos testemuños de persoas próximas ao agresor ou á vítima. Ás veces, máis que dar información fiable suxiren meras hipóteses persoais.
- Nalgúns casos, poden ser parte interesada.
- Convén ter moita cautela con aquelas persoas que só buscan notoriedade ou que só achegan detalles morbosos sen valor informativo.
- Débense evitar os rumores e as especulacións.

5. LINGUAXE E IGUALDADE

A linguaxe e a comunicación son compoñentes esenciais da igualdade entre as mulleres e os homes e non deben contribuír a perpetuar a hexemonía do modelo masculino. Un dos mandatos que a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes é que se debe utilizar a linguaxe de forma non sexista.

Unha comunicación non estereotipada é un bo camiño para educar, aumentar a concienciación e previr os comportamentos sexistas. Isto inclúe eliminar expresións sexistas e usar o feminino e o masculino ou o neutro en títulos ou impresos cando nos diriximos a un grupo, diversificando a representación de mulleres e homes e asegurándonos da igualdade de ambos en representacións visuais e doutro tipo.

A Radio Televisión Española, como medio de comunicación de carácter público, ha de liderar a implantación de medidas para a eliminación do sexismo na linguaxe, tal e como se expón nas distintas recomendacións que sobre esta materia ditou o Comité de Ministros do Consello de Europa, entre elas a Recomendación n.º R (90) 4 sobre a eliminación do sexismo na linguaxe e a Recomendación CM/Rec (2007) 17 sobre as normas e os mecanismos de igualdade entre homes e mulleres, sen descoñecer que o Plan de igualdade da Corporación RTVE (BOE, 27 de xullo de 2012), de obrigado cumprimento, inclúe tamén recomendacións específicas sobre o uso da linguaxe.

A linguaxe é un elemento clave de construción da realidade e, polo tanto, cómpre prestarlle unha especial atención a prol da súa utilización dunha forma non sexista:

- As gramáticas das distintas linguas permiten unha linguaxe non sexista.
- **A linguaxe sexista ou sexismo lingüístico** é a que discrimina calquera dos sexos mediante determinados usos lingüísticos. Pódese detectar mediante a coñecida como regra da inversión, que consiste en intercambiar as referencias sexuadas. É dicir, cambiar

un termo en masculino polo seu correspondente en feminino, e viceversa e, se o resultado soa inadecuado ou estraño, debemos concluír que a primeira construción non era apropiada. Por exemplo: “As mulleres universitarias secundaron a folga / Os homes universitarios secundaron a folga”.

En español, e tamén en galego, o xénero gramatical feminino é específico, mentres que o masculino se utiliza como xénero non marcado. É dicir, o xénero gramatical masculino é xenérico e, polo tanto, inclúe os dous sexos, e tamén específico, xa que se utiliza só para o masculino. Ás veces, o masculino xenérico resulta útil por economía lingüística (por exemplo: os gañadores, os perdedores), pero o seu uso pode xerar ambigüidade ou ocultar as mulleres. Débense explicitar os dous xéneros cando a oposición de sexos é relevante (por exemplo: “A proporción de alumnos e alumnas nas aulas cambiou progresivamente”) e tamén cando as formas masculinas xeren ambigüidade ou resulten discriminatorios para as mulleres.

A narración informativa sobre a violencia contra as mulleres

- O uso dunha linguaxe violenta desvirtúa as razóns da agresión e a propia noticia.
- Evitar o sensacionalismo.
- Evitar os adxectivos, as frases feitas, os comentarios frívolos, os clixés e os tópicos.
- Expresións como “certeira puñalada”, “cadáver ensanguentado” desvían a atención cara a aspectos colaterais.
- Comentarios como “era nova e guapa”, “saía con amigas”, “tiña amante” desvían o foco do importante e tamén pode parecer que se trata dunha desculpa ou de certa comprensión cara ao agresor.
- Utilizar adxectivos como “celoso” ou “bebedor” para definir o agresor achéganos á exculpación.
- As cifras e as estatísticas poden referirse a diferentes tipos de violencia de xénero, pero tamén poden ocultar a realidade. Así, por

exemplo, ás veces os suicidios provocados por malos tratos contabilízanse só como suicidios, sen achegar unha maior precisión e, outras veces, a vítima pode morrer tras un período de convalecencia.

- A imaxe debe respectar a dignidade da vítima e ha de coidarse especialmente para evitar a dobre vitimización.
- Non deben utilizarse os recursos estéticos e a narrativa propia das reportaxes de sucesos.
- En delitos sexuais, hai que evitar adxectivos que minimicen o feito, que leven a malentendidos ou que suxiran consentimento. Os verbos “alega”, “admite” e “confesa” confiren vergoña e réstanlle autenticidade á frase. E expresións como “tocamentos”, “participar” e mesmo “sexo oral” son palabras utilizadas no sexo consentido e non deberían ser utilizadas para describir unha violación.

5.1. TERMOS XENÉRICOS, COLECTIVOS, ABSTRACTOS E PERÍFRASES

Substantivos cunha forma única para persoas dun ou doutro sexo		
Comúns	Teñen a mesma forma para os dous xéneros gramaticais. Son os artigos e os adxectivos os que determinan o xénero.	<i>A/a pianista</i> <i>O/a psiquiatra</i> <i>Un bo/unha boa profesional</i>
Epícenos	A súa forma é única para ambos os sexos. Poden ser masculinos ou femininos. A concordancia depende do xénero gramatical do substantivo, non do sexo do referente.	<i>Ser, quenlla, lince</i> <i>persoa, vítima, criatura, formiga, perdiz</i> <i>A vítima, un home novo, foi trasladada ao hospital</i>
Colectivos	Designan un grupo, un conxunto.	<i>Cidadanía, poboación, familia, alumnado, electorado, veciñanza, persoal</i> <i>Comunícaselles aos veciños / Comunícaselle á veciñanza</i>

Abstractos	Aluden a un oficio, cargo, profesión e non á persoa que a exerce.	<i>Alcaldía, dirección, presidencia, inspección</i>
Perífrases	A diferenza dos desdobramentos, non recargan a información. Case todos os masculinos poden intercambiarse por esta alternativa.	<i>Os investigadores polo equipo investigador, os lectores polo público lector, os médicos polo persoal médico, os políticos pola clase política, os asturianos polo pobo ástur.</i>

5.2. DESDOBRAMENTOS

Utilizan os dous xéneros gramaticais para subliñar que é un colectivo mixto. Pretende facer visibles as mulleres de forma explícita.	<i>Traballadores e traballadoras, cidadáns e cidadás, os e as alumnas</i>
Aínda que pareza politicamente correcto, é incorrectogramaticalmente e pode levar a redaccións absurdas.	<i>Algúns e algunhas alumnos e alumnas son estranxeiros e estranxeiras</i>
A forma dobre só é válida en substantivos comúns. A fórmula non é incorrecta, pero si redundante e, por iso, debe evitarse, así como outras construcións detalladas, a non ser que sexan necesarias, xa que entorpecen a información / comunicación.	<i>Os/as representantes, as/os colegas</i>
Con todo, son necesarios en certos casos se o contexto non deixa claro que o masculino plural comprende por igual ambos os sexos ou se se fala de forma independente de cada grupo.	<i>Xoán non ten irmás nin irmáns</i>
Débase variar a orde e optar por antepoñer o feminino ao masculino para evitar reforzar a idea da prioridade masculina.	
Tamén se poden utilizar aposicións explicativas para clarificar o masculino xenérico.	<i>Os detidos, homes e mulleres, serán liberados</i>

5.3. PROFESIÓN, CARGOS E OFICIOS

É unha forma de facer visibles as mulleres e o seu lugar e labor no espazo público. É o resultado da lóxica adaptación da lingua a unha nova realidade social.	
Convén xeneralizar o feminino aos nomes de profesións ou cargos cando estes son desempeñados por mulleres”.	<i>A avogada, a catedrática, a médica, a ministra, a deputada, a xefa</i>
É falta gramatical dicir e/ou escribir...	<i>A avogado, a médico, a ministro e tamén utilizar o modisto en lugar de o modista</i>
Os cambios dos substantivos determínanos a realidade social e o consenso da comunidade de falantes, xa que gramaticalmente non existen substantivos invariables.	

Terminación-masculino	Terminación-feminina		Excepcións
-o	-a	<i>Bombeira, médica, ministra, enxeñeira, arquitecta</i> Excepcións: <i>testemuña</i> Terminación culta -ista: <i>diaconisa</i> Dúas voces: <i>vampiro/vampiresa</i>	<i>0/a piloto</i> <i>0/a soldado</i> <i>0/a pianista</i> <i>0/a xornalista</i>
-a /-isa	-a/-isa	Adoitan ser comúns: <i>astronauta, cineasta, pianista, taxista</i>	<i>Papa/papisa</i> <i>Modista/modisto</i> <i>Azafata/azafato</i>
-e	-e/-esa/-isa/-ina	Os que acaban en -e tenden a funcionar como comúns (<i>conserxe, cónxuxe</i>). Algúns teñen formas femininas específicas cos sufixos -esa, -isa, -ina (<i>alcaldesa, sacerdotisa, heroína</i>). Nalgúns casos, xeráronse femininos en -a (<i>dependenta</i>).	<i>Cliente/clienta</i> <i>Xefe/xefa</i>
-í, -ou, -e	-í, -ou, -e	Son comúns: <i>alelí, andalusí, bantú, hindú</i> .	<i>Rei/raíña</i>

-om, -ín, -or	-a /- triz	<i>Escritor/escritora, actor/actriz, ladrón/ladrona, bailarín/bailarina; doutor/doutora.</i>	
-ar, -er, ir, -ur	-ar, -er, ir, -ur	Polo xeral, son comúns: <i>militar, chofer, faquir, augur, mártir, prócer.</i>	<i>Xograr/xograresa</i>
<i>Agudas terminadas en -n, -s</i>	-a	<i>Bailarín/bailarina, deu/deusa.</i> Excepto <i>barón (baronesa).</i> Outra excepción é <i>refén, que é común.</i>	
<i>Graves terminadas en -n, -s</i>		É común: <i>o/a barman.</i>	
-l, -z		Adoitan funcionar como comúns (<i>correspondente, portavoz</i>)	<i>Xuíz/xuíza</i> <i>Concelleiro/ concelleira</i> <i>Aprendiz/aprendiza</i>
<i>Graos Militares</i> <i>Músicos</i>		Son comúns (<i>cabos, tenente etc.</i>) Os que designan o músico polo instrumento que toca (<i>batería, contrabaixo</i>)	
		Os substantivos compostos que designan persoas (<i>cazatalentos</i>)	
Profesión Cargo		Cando o nome dunha profesión ou cargo está formado por un substantivo e un adxectivo, ambos os elementos deben ir en masculino ou en feminino, en función do sexo do referente (a primeira ministra)	

ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS

Árbitra	Non “árbitro”.
A xefa	Non “a xefe”.
Presidenta, tenenta etc.	A Gramática recolle, desde hai séculos, femininos co sufixo -nta: <i>presidenta, rexenta, tenenta</i> e <i>serventa</i> xa figuran no Dicionario de 1803 e <i>infanta</i> aparece desde 1604. En rigor, o único cambio que sufriron algunhas destas voces é que pasaron de significar “muller do presidente, rexente etc.” a designar tamén “a muller que preside” ou que “rexenta”.
Actriz	Segundo a definición dos dicionarios: “Participante nunha acción ou suceso”.
Actriz	Segundo a definición dos dicionarios: “Muller que interpreta un papel en teatro” etc.
Homosexual	Pode aplicarse tanto a homes como a mulleres, por iso a expresión “homosexuais e lesbianas” resulta redundante. Tamén se ampliou a definición de “matrimonio” á unión de persoas do mesmo sexo.
	O adxectivo “talibán” desdóbrase en feminino en “talibá”. Por iso, o apropiado é “insurxencia/milicia/cúpula talibá”.
Ablación	Significa “extirpación de calquera parte do corpo”, non só do clítoris. Por tanto, hai que sinalar a parte do corpo á que se fai referencia.
Empoderar	Verbo que significa “facer poderoso ou forte un individuo ou grupo social desfavorecido”). Empoderar e empoderamento é a tradución do <i>empower</i> e <i>empowerment</i> .

5.4. CONSTRUCIÓNS E RUMBOS SEXISTAS

Duais aparentes	Pares léxicos con significado distinto segundo o xénero. A forma feminina adoita indicar menor categoría ou trato denigrante.
Denominación dependente	Cando se nomean as mulleres pola súa relación ou o apelido dun home (esposa de, muller de, señora de) e tamén cando se presentan como meras acompañantes ou papeis secundarios e pasivos.
Denominación infantilizada	Uso da forma en diminutivo ou de termos que infantilizan e, por tanto, desprestixian ou desprezan as mulleres.
Imaxes sexistas e/ou estereotipadas	Non só hai que coidar os textos, senón tamén as imaxes que os acompañan.

Duais aparentes (exemplos)	
Feminino	Masculino
Señorita: muller solteira, dependenta, mestra, secretaria	Señorito: amo, mozo ocioso
Asistentista: criada	Asistente: realiza labores de asistencia
Axudanta: muller que realiza traballos subalternos	Axudante: subalterno
Gobernanta: encargada da administración dunha casa, hotel ou institución	Gobernante: home que goberna
Secretaria: muller que realiza labores administrativos	Secretario: alto cargo
Bruxa	Bruxo
Cortesá	Cortesán
Fulana	Fulano
Muller pública	Home público
Golfa	Golfo
Raposa	Raposo
Solteirona	Solteiro

5.5. O USO DE @, "X", "-E"

Ás veces, utilízanse como desinencias neutras e para facer explícita a alusión a os dous sexos ou á diversidade sexual	
Segundo os distintos manuais de uso de linguaxe non sexista:	<ul style="list-style-type: none"> • A arroba (@) non é un signo lingüístico. • Aínda así, poden ser admisibles en certos contextos como unha manifestación verbal creativa e provocadora, como un recurso gráfico máis propio de pancartas e lemas, nos que visualmente pode resultar expresivo. • Recoméndase non empregala en textos xerais, xa que ademais presenta o problema de que é imposible pronunciar as palabras resultantes. • O emprego da arroba non é recomendable para evitar poñer unha palabra en masculino ou en feminino cando se alude a un grupo heteroxéneo: <i>Querid@s compañer@s</i>. • Non sempre é aplicable á estrutura da lingua. Así, por exemplo, no <i>Día do Nen@</i>, <i>do</i> só pode concordar co masculino.

Segundo os distintos manuais de uso de linguaxe non sexista:

- O feito de que a @ ou o “x” sirvan precisamente para non marcar nin un xénero nin outro de forma expresa levou a que algunhas agrupacións do colectivo LGTB empreguen estas opcións para referirse a aquelas persoas que non se senten identificadas como mulleres ou comohomes ou que non o fan sempre do mesmo xeito e que non queren limitarse a un sistema binario que consideran constritivo.



6. BIBLIOGRAFÍA E FONTES

RTVE

- CONSEJO DE INFORMATIVOS DE TVE. *La información sobre la violencia de género*. Madrid, 6 de marzo de 2018.
- IORTV. “Mujer, violencia y medios de comunicación”. Dossier de prensa. Madrid: RTVE-Instituto da Muller, 2002.
- DONIS, Julia; CUESTA, Juan. “Tratamiento de la violencia masculina contra las mujeres”, *Manual de información en género*, 2004. Instituto de Radio Televisión Española - Instituto da Muller.
- GÓMEZ MONTANO, Alicia. *¿Cómo hablar de violencia de género?*, (vídeo) *Todxs por igual*, 2019 (www.rtve.es).
- GÓMEZ MONTANO, Alicia. *Guía para entender qué es la violencia de género* (vídeo). *Todxs por igual*, 2019 (www.rtve.es).
- “Los medios de comunicación desde la perspectiva de género”. Jornadas celebradas no Auditorio de RTVE (Madrid, 14 de decembro de 2005). Comunicación: “Violencia de xénero. O estado da cuestión”.
- LÓPEZ DÍAZ, Pilar. *La violencia contra las mujeres desde la perspectiva de género en el programa Tolerancia cero de Radio 5*. Pilar López Díez. Madrid: Instituto RTVE, 2007.
- LÓPEZ DÍAZ, Pilar *et alt*. *Representación de la violencia de género en los informativos de TVE*. Madrid: Instituto Oficial de Radio e Televisión-RTVE. Instituto da Muller, 2006.
- Manual de estilo de la Corporación RTVE*. Madrid: CRTVE, 2010.
- Manual de urgencia sobre el tratamiento informativo de la violencia contra las mujeres*. Instituto Oficial de RTVE e Instituto da Muller, 2002.
- Manual de información en género*. IORTV, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, Instituto da Muller. Editora e asesora de contidos: Pilar López Díez. Madrid: Instituto RTVE, 2004.
- MENDIETA, Salvador. *Manual de estilo de TVE*. RTVE, Ed. Labor, 1993.
- PÉREZ CALDERÓN, Miguel. *Libro de estilo de los servicios informativos TVE*. Madrid: Servizo de Publicacións do Ente Público RTVE, 1985.

Representación de la violencia de género en los informativos de TVE: conclusiones. Madrid: Instituto RTVE, Instituto da Muller, 2005.

RTVE - Radio Nacional de España. *Manual de estilo para informadores de radio.* Madrid, 1980.

CONFERENCIAS EN VÍDEO DE SUSANA GUERRERO E DE EULALIA LLEDÓ NO MARCO DEFORMACIÓN EN IGUALDADE DE RTVE. <https://www.rtve.es/rtve/20180306/encuentro-responsable-formula-igualdad-rtve-semana-del-dia-internacional-mujer/1690182.shtml>.

OUTROS MANUAIS DE ESTILO

ALBERTI GARFIAS, Gloria; LAGOS LIRA, Claudia; MALUENDA MERINO, M.^a Teresa; URANFA HARBOE, Victoria. *Por un periodismo no sexista: Pautas para comunicar desde una perspectiva de género en Chile.* (EN: OREALC/UNESCO Santiago/ Cátedra UNESCO-UDP "Medios de comunicación y participación ciudadana" /Programa de libertad de expresión de la Universidad de Chile, Colegio de Periodistas de Chile).

ALFARO, Élida; BENGOCHEA, Mercedes; VÁZQUEZ, Benilde. *Hablamos de deporte. En femenino y en masculino.* Serie Lenguaje n.º 7. 2010. Instituto da Muller.

ABC. *Libro de estilo de ABC.* Barcelona: Ariel 1993 (1.^a ed.)

AXENCIA EFE. *Manual del español urgente.* Madrid: EFE - Cátedra, 1985 (4.^a ed.).

AXENCIA EFE. *Vademécum de español urgente.* Madrid: Fundación EFE, 1992.

AXENCIA EFE. *Diccionario de español urgente.* Madrid: Ed. SM, 2000.

BBC. *Directrices editoriales. Valores y criterios de la BBC.* (Traducción e edición da APM - Asociación da Prensa de Madrid) Madrid, 2007.

BENGOCHEA, Mercedes, *Lengua y género.* 2015, Editorial Síntesis.

EL PAÍS. *Libro de estilo.* Madrid, PRISA, 1980 (2.^a ed.).

EL PAÍS. *Libro de estilo.* Madrid: Ediciones El País, 1990 (7.^a ed.).

FUNDÉU (Fundación del Español Urgente). *Compendio ilustrado y azaroso de todo lo que siempre quiso saber sobre la lengua castellana.* Barcelona: Fundéu BBVA - Debate, 2012.

FUNDÉU (Fundación del Español Urgente). *Segundo compendio ilustrado y deleitoso de todo lo que siempre quiso saber sobre la lengua castellana.* Barcelona: Fundéu BBVA- Debate, 2016.

GUERRERO SALAZAR, Susana. *Guía orientativa para el uso igualitario del lenguaje y de la imagen en la Universidad de Málaga.* Málaga: Unidade de Igualdade - Vicerreitorado de Extensión Universitaria - Universidade de Málaga.

INSTITUTO DA MULLER. "Comunicación incluyente y no sexista en las empresas". *Boletín Igualdad en las Empresas (BIE)*, n.º 54.

MURILLO ÁVILA, Jessica - Agencia Comunicación y Género. *Guía para un uso no sexista del lenguaje* (inclúe unha mirada especial ao emprego e á discapacidade). Madrid: Fundación ONCE, outubro, 2018.

PAREDES GARCÍA, Florentino; ÁLVARO GARCÍA, Salvador; PAREDES ZURDO, Luna. *Las 500 dudas más frecuentes del español*. Madrid: Instituto Cervantes - Círculo de Lectores, 2013.

OXFAM-INTERMON. *Lenguaje no sexista. Tips para evitar el uso sexista del lenguaje cotidiano*.

RADIOTELEVISIÓN CANARIA. *Comunicación con perspectiva de género. Manual de estilo para una comunicación incluyente*, 2012.



instituto **rtve**